

**SOLICITUDE DE PERMISO RETRIBUÍDO POR DEBER INEXCUSÁBEL
DERIVADO DA SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA COMO
CONSECUENCIA DA EPIDEMIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

Á dirección da empresa _____

D./D.^a _____, con NIF _____

con enderezo e demais datos persoal que xa lles constan por ser traballador ou traballadora desa empresa, expoño:

PRIMEIRO. Que mediante Acordo do Consello da Xunta de Galiza do 12 de marzo de 2020 (DOG núm. 49-Bis, do 12/03/2020), adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galiza, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Entre esas medidas, acordouse a «*Suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario. Esta suspensión inclúe tamén os servizos educativos complementarios, nomeadamente o comedor, transporte e servizo de madrugadores, con independencia de quen sexa o organizador dos devanditos servizos*».

SEGUNDO. En virtude da referida decisión administrativa, e na miña condición de pai, nai, ou titor legal, véxome na obriga de atender persoalmente o menor ou menores ao meu cargo, debendo ausentarme do traballo para poder dar cumprimento tanto aos meus deberes de patria potestade como ás medidas extraordinarias de distanciamento social acordadas pola Administración sanitaria para evitar a propagación da onda epidémica.

TERCEIRO. É de aplicación ao caso o artigo 37.3 d) ET, que concede aos traballadores e traballadoras un permiso retribuído polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusábel de carácter público e persoal, así como o artigo 110 do Código civil, que establece a obriga dos proxenitores de velaren polos seus fillos e fillas menores. Na actual situación de crise sanitaria, a necesidade de ausentarme do traballo ten ademais unha evidente dimensión pública, dado que a suspensión das actividades escolares obedece á necesidade de conter un risco inminente e extraordinario para a saúde de toda a poboación.

Polo exposto;

SOLICITO: Que se me permita ausentarme do traballo, con dereito a remuneración, polo motivo de atención persoal a menores, constitutivo de deber inexcusábel, e durante todo o tempo en que persista a actual situación de suspensión da actividade lectiva.

En _____, a _____ de marzo de 2020.

Asdo. O/A traballador/a: _____